


# INFORME DE AVALIACIÓN DO PAT- ANEAE (Grao en Xeografía e Historia)

---

2023/2024

R2 DO-0203 P1



## ÍNDICE

|   |    |
|---|----|
| 1. INTRODUCCIÓN .....   | 1  |
| 2. ANEXO II: FICHA INICIAL DE DETECCIÓN DE NECESIDADES .....                                      | 2  |
| 3. ANEXO III: FICHA DE SEGUIMIENTO DE TITORÍAS .....  | 6  |
| 4. ANEXO IV: CUESTIONARIO FINAL DE SATISFACCIÓN DO<br>ALUMNADO .....                              | 12 |
| 5. INFORME DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO INSCRITO NO<br>PROGRAMA PIUNE NA FACULTADE DE HISTORIA..... | 15 |

### 1. INTRODUCCIÓN

Os elevados índices de satisfacción manifestados polo alumnado do PCEO que acudiu ás xuntanzas abertas co decano xunto cos representantes dos diferentes cursos e da Delegación de alumnado aconsellaron, por segundo ano consecutivo, manter dous titores específicos para os cursos 1º, 2º e 3º (profesor Antonio Presedo Garazo) e 4º, 5º e 6º (profesora María López Díaz) coa intención de paliar o problema que supón a dificultade de concretar o profesor ou profesora ao que dirixirse debido ao feito de que a maioría deste alumnado cursa materias en distintos niveis. Mantívose, asemade, a asignación de titores e titoras aprobada no pasado curso académico: Domingo Rodríguez Teijeiro (1º curso), Beatriz Vaquero Díaz (2º curso), Julio Prada Rodríguez (3º curso) e Xosé Ramón Campos Álvarez (4º curso). No caso dos Mestrados, a profesora Susana Reboreda Morillo mantívose como coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias de Antigüidade e o profesor Francisco Javier Pérez Rodríguez substituíu a Adolfo Fernández no de

Valoración e Xestión do Patrimonio (acta da xuntanza extraordinaria da Comisión Académica do devandito mestrado de 21 de decembro de 2023).

De acordo co procedemento establecido, realizouse ao alumnado de 1º curso unha enquisa específica no acto de acollida (Anexo II) co fin de dispoñer de información sobre o seu contexto de estudo e de traballo e de diversos aspectos relacionados co acceso á titulación. En todos os cursos, o/a seu/súa respectivo/a titor/a, realiza dúas enquisas ao remate de cada cuadrimestre, para valorar a dinámica do mesmo (Anexo III). Ao final do curso (Anexo IV) realízase outra enquisa de valoración do propio PAT.


A continuación se describen os resultados por anexos.

## 2. ANEXO II: FICHA INICIAL DE DETECCIÓN DE NECESIDADES

A sesión de acollida tivo lugar o 11 de setembro de 2023 e a asistencia e participación na enquisa foi de máis de catro puntos porcentuais máis elevada que no curso anterior, alcanzando o 79,63% entre o alumnado do Grao en Xeografía e Historia e o PCEO en Turismo e Xeografía e Historia. Daquela trátase dun resultado que consideramos altamente satisfactorio e que pon de manifesto a importancia desta xornada, xa que esta enquisa é unha primeira toma de contacto coa Facultade. Por segundo ano consecutivo, traballouse co modelo de ficha inicial de detección de necesidades implantado no curso 2022-2023 partindo da consideración de que o anterior non achegaba información suficiente nunha serie de apartados que resultaban necesarios tanto para unha mellor detección das mesmas como para a toma de decisións nunha serie de aspectos que afectaban ao plan de difusión e captación do alumnado do Centro. Neste senso, seguimos considerando fundamental coñecer máis en detalle diversas cuestións relacionadas co acceso á titulación, en especial as relativas a como se coñeceu o Grao de Xeografía e Historia/PCEO, as razóns para cursar o mesmo na Facultade de Historia de Ourense,


a percepción do alumnado sobre a súa futura orientación laboral e os centros de procedencia.

No que se refire aos estudos de acceso ás dúas titulacións, o 93,02% dos que responden proceden dos diferentes Bacharelatos, un 2,33% dos Ciclos Superiores de FP e un 4,65% accedeu por outros Estudos Superiores. No tocante á procedencia xeográfica do alumnado, a totalidade do mesmo que responde á enquisa estaba domiciliado en Galicia no momento de cursar a solicitude de matrícula. Por provincias, destaca a inversión que se produce respecto a anos anteriores, xa que o alumnado orixinario da provincia de Ourense pasa a representar un 44,19%, seguido do procedente de A Coruña (25,58%), Pontevedra (20,93%) e, finalmente, Lugo (9,30%).




O 55,10% do alumnado que respondeu á enquisa manifesta que á hora de buscar información sobre o Grao en que matricularse procurouna por si mesmo ou con axuda dos seus familiares, mentres que outro 24,49% manifesta que o propio profesorado do centro no cal cursaba os seus estudos aconselloulle cursar o Grao en Xeografía e Historia na Facultade de Historia de Ourense. En terceiro lugar, está ese 18,37% que asegura que tivo coñecemento do mesmo sobre todo a través de

internet ou de redes sociais. Finalmente, só un 2% tivo coñecemento do Grao a través dunha visita ou taller que se desenvolvera no seu centro.




No que atinxe ás razóns máis determinantes para elixir o Grao de Xeografía e Historia, o 35% asegura que por tratarse dun Grao xeneralista, xa que na súa opinión proporciona meirandes oportunidades laborais. Unha quinta parte dos que responden (20%) manifesta que a súa elección veu determinada polo feito de que non entrou noutra Universidade e desexaba cursar estudos nunha titulación de Historia. Estas dúas magnitudes amosan con claridade a importancia que supón para a captación de alumnado o mantemento do número de prazas ofertadas polas Universidade do SUG nos diferentes Graos implicados, así como a necesidade do recoñecemento da singularidade do Grao de Xeografía e Historia —denegada no seu día— tendo en conta, ademais, a reforma nos planos de estudos avanzada pola Universidade de Santiago de Compostela e o incremento de prazas que se lle autorizou o pasado curso académico. Con todo, un 30% considera fundamental a proximidade ao seu lugar de residencia, o que supón un considerable incremento respecto a cursos anteriores e que ven a certificar ese salto cualitativo na captación de alumnado na provincia de Ourense. Finalmente, tan só un 5% respondeu que porque ofertaba a modalidade semipresencial, mentres que outro 10% apuntou a

outras razóns, entre elas, un 5%, a que cursar estudos en Ourense resultaba máis económico.



En canto ás preferencias do alumnado no que se refire a orientación laboral no momento de cursar a súa solicitude de matrícula, nada menos que o 60% manifesta como primeira opción a docencia en Ensinanza Secundaria, o que, por outra banda, explica a elevada porcentaxe de alumnado que respondía que elixía o Grao de Historia polo seu carácter xeneralista. Outro 22,50% manifesta como opción preferida a investigación e a docencia na Universidade, situándose a continuación os que se inclinan polas actividades relacionadas co patrimonio (5%). Os que optan como primeira opción pola xestión cultural apenas representan o 2,50%, mentres que os que consideran que a súa orientación laboral futura non responde a ningunha das opcións anteriores ou prefiren dedicarse a un sector non relacionado coas competencias do Grao representan o 10% do total. Neste caso, cómpre indicar que cuantificamos a totalidade das opcións elixidas, polo que o número de opcións supera ao de alumnos e alumnas que responden á enquisa.




### 3. ANEXO III: FICHA DE SEGUIMIENTO DE TITORÍAS

No cadro seguinte indícase o número de participantes por curso e cuadrimestre.

| Curso           | Xuntanza primeiro cuadrimestre | Enquisa segundo cuadrimestre |
|-----------------|--------------------------------|------------------------------|
| 1º              | 35                             | 15                           |
| 2º              | 17                             | 0                            |
| 3º              | 46                             | 14                           |
| 4º              | 20                             | 10                           |
| 1º, 2º, 3º PCEO | 2                              | 0                            |
| 4º, 5º, 6º PCEO | 2                              | 1                            |
| <b>TOTAL</b>    | <b>122</b>                     | <b>40</b>                    |


No que atinxe aos resultados, cómpre sinalar que en relación ao curso anterior volveuse a rexistrar un incremento notable no número global de participantes en ambas as dúas xuntanzas, en especial na primeira. En concreto recolléronse 20 enquisas máis na primeira xuntanza e 6 máis na segunda, o que supón un incremento global dun 19,12%, cifra inferior en canto a crecemento porcentual á do ano académico 2022-2023 toda vez que neste curso partíamos duns niveis moi reducidos. En todo caso, entendemos que este maior número de participantes nas xuntanzas non está necesariamente en relación cun meirande interese do alumnado polo PAT, senón que unha boa parte do mesmo semella gardar relación co incremento global no número de alumnado e co feito de que no terceiro curso optouse por concertar as xuntanzas nunha hora de clase o cal explica en boa medida as diferenzas que se observan en canto a participación por cursos.



Como en anos anteriores, e malia este novo crecemento da participación do alumnado, consolídase a tendencia herdada de cursos precedentes dunha caída moi significativa da mesma na segunda xuntanza. No fundamental, esta significativa diminución podería explicarse polo menor contacto do alumnado con algúns titores ou titoras cos que só teñen docencia no primeiro cuadrimestre (así acontece, por



exemplo, no segundo curso), así como pola proximidade de entrega de tarefas e exames e a inexistencia de problemas académicos relevantes. Un ano máis semella confirmarse que unha parte significativa do alumnado ten a percepción de que o PAT non resulta en exceso útil cando non existen situacións problemáticas. A consideración de que, xa avanzado ou próximo a rematar o segundo cuadrimestre, non se van a producir cambios significativos no desenvolvemento do curso, que eran un elemento que se puña de manifesto nalgunhas xuntanzas en anos anteriores, non semella ter sido moi relevante neste curso.



Nos informes do profesorado titor aprecíase que o alumnado presente está interesado en expresar as súas opinións sobre o discorrer do cuadrimestre na maioría dos casos. Porén, unha parte moi significativa, malia os reiterados recordatorios que se lle fan en tal sentido, non se amosa interesado en participar nas enquisas de avaliación docente. Con todo, en todas as xuntanzas percíbese bo ambiente, e, en xeral, indícase están satisfeitos coa dinámica do curso e o desenvolvemento da docencia, aínda que no caso de 2º curso aludíuse a algún problema cun docente durante o primeiro cuadrimestre que non foi posto en coñecemento nin da coordinadora de curso nin do decanato, insistindo a titora na

necesidade de comunicar ese tipo de situacións e de buscar unha mediación que axude a resolver os conflitos. Nas primeiras xuntanzas a coordinación do PAT comunicou ao profesorado titor a necesidade de tratar especificamente tres cuestións que resultaran valoradas de xeito non satisfactorio nas enquisas realizadas o ano anterior por unha mostra non significativa do alumnado que realizou as correspondentes enquisas: a web do Centro, o PAS e a formación recibida.

Respecto á primeira cuestión, o alumnado dos diferentes cursos manifesta non ter ningún problema coa web da Facultade, que consideran bastante intuitiva, accesible e con información actualizada. Con todo, un alumno apuntou que ten excesivos “portais” aos que acceder, algún documento atópase algo “agochado” e mesmo se bota de menos un “buscador” para atopar as cousas máis doadamente. Nun caso tamén se fixo referencia a algúns problemas co uso da app do móbil, aínda que estes afectan á universidade no seu conxunto e non especificamente ao Centro.

Tampouco manifestan ningunha queixa con relación ao PAS do Centro e a súa opinión sobre o mesmo é boa, aínda que apuntan a problemas puntuais de espera para recibir atención en momentos concretos e nalgún caso illado hai algunha crítica sobre o tratamento dispensado ao alumnado.

En canto ao grao de satisfacción coa formación adquirida manifestan estar satisfeitos en xeral, aínda que hai algún alumno que pensa que: “trátase de abarcar moito e quédase a medias en moitas temáticas”, que se prioriza moito a realización de traballos, actividades e exames e “non a comprensión de contidos”. Tamén hai quen opina que non se imparte unha historia verdadeiramente universal, xa que non se tratan temas relacionados con Asia, África e Oceanía (a non ser que teñan que ver con Europa) e que o mesmo pasa coa Xeografía. No alumnado dos cursos superiores, parece haber un certo consenso relativo a que se deberían reforzar os contidos das materias de Historia Universal e de España e que estes non deberían ter o mesmo peso que outras materias que consideran de menor relevancia con vistas ás saídas profesionais polas que maioritariamente pensan optar. Con todo, só nun caso dos

participantes na xuntanza do primeiro cuadrimestre manifestou que estaba “pouco satisfeito” coa formación adquirida mentres o resto a considera satisfactoria, sendo de destacar a opinión do alumnado dos cursos superiores do PCEO que acudiu á xuntanza que manifestou un alto nivel de satisfacción respecto á formación recibida e as súas expectativas formativas respecto ás materias de Xeografía e Historia, así como no relativo ás materias da titulación e a dinámica do noso Centro.

Respecto á organización docente, o alumnado de 2º curso alude á posibilidade de que se estableza un tempo de espera máximo de 15 minutos para o inicio das clases no caso de retraso do profesorado para evitar malos entendidos. Asemade, unha parte do alumnado de 4º curso apunta que nun cuadrimestre do curso anterior produciuse unha concentración de clases en tres días á semana, o cal pensan que resulta excesivo, e apuntan a que consideran o máis axeitado unha planificación horaria que distribúa as clases ao longo de catro xornadas. Este alumnado apunta, asemade, que debe axilizarse o proceso de inicio das prácticas externas e que mesmo sería máis enriquecedor poder optar por rotar en varias prácticas diferentes. Respecto á primeira cuestión, apúntase dende o decanato que neste curso académico produciuse un certo atraso imputable ao cambio de lexislación respecto á cotización á Seguridade Social das prácticas pero que, en todo caso, fará partícipe ao coordinador das mesmas a necesidade de iniciar o máis cedo posible o proceso de asignación. Respecto á segunda cuestión, consultaré se existe tal posibilidade, aínda que entende que non resulta doada.

Tamén hai quen considera que existe un certo solapamento entre algunhas materias, que se da unha certa acumulación temporal no que afecta á entrega de tarefas e un exceso de traballo. Respecto á primeira cuestión, a través das xuntanzas cos seus representantes, fíxoselle notar ao alumnado a importancia da revisión das guías docentes para transmitir en tempo e forma ao profesorado posibles suxestións de mellora, aínda que o alumnado de 2º curso manifesta que lle resultan moito máis útiles as presentacións de cada materia que se realizan a principios de cada cuadrimestre que as propias guías, dada a súa maior claridade e concisión. Tamén

se lles fixo ver que aínda que se ben é certo que determinadas tarefas prácticas teñen que concentrarse nos intres finais de cada cuadrimestre, non é menos certo a notable tendencia dunha boa parte do alumnado a adiar as entregas mesmo cando estas poden realizarse con moita anterioridade, o que revela a importancia dunha boa planificación do tempo de estudo. Respecto á segunda, o certo é que cando se lles pregunta se hai alguén que dedique a unha materia as 150 horas de traballo asignadas, ninguén manifesta que efectivamente lle dedica ese tempo. No caso do alumnado de 4º curso apunta á necesidade de que se impartan máis créditos prácticos e menos teóricos.

Unha parte do alumnado sigue insistindo na necesidade de que o profesorado grave as clases que imparte, dado o útiles que lles resultan, en particular se non poden asistir presencialmente, petición que o alumnado de 4º curso fai extensiva a seminarios e conferencias. En 2º curso, solicítase ademais, que se suban as presentacións, reiterando, asemade, o alumnado de 4º que tamén isto se faga cos apuntes e o resto do material destinado a facilitar a aprendizaxe do alumnado. Se ben esta última petición puido ser atendida de xeito inmediato ao dársele traslado ao decanato por parte da representación do alumnado nun curso, no primeiro dos casos insístese en que non se pode obrigar ao profesorado a realizar gravacións nin a subir determinado tipo de materiais se os/as docentes consideran máis oportuno facilitar outro que facilite mellor a aprendizaxe.

No caso do alumnado de 4º, 5º e 6º do PCEO aludiuse á problemática do encaixe entre o plano de estudos vello e o actual, xa que no caso de que exista alumnado con materias pendentes dos primeiros cursos resultaría que precisarían preto de nove anos para poder cursar todas as materias tendo en conta o calendario de entrada en vigor dos novos cursos e extinción dos vellos. Esta problemática resolveuse mediante unha serie de xestións realizadas diante do vicerreitorado competente que permitiron a implantación anticipada dos últimos cursos do plan novo, evitando así a situacións descrita.

#### 4. ANEXO IV: CUESTIONARIO FINAL DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO


A relativa mellora conseguida no curso 2022-2023 no que atinxe á participación do alumnado na realización do cuestionario final de satisfacción con respecto ao curso anterior levounos a, sen abandonar a estratexia de realizar diversos chamamentos ao alumnado para fomentar esta, tanto mediante correo electrónico como por parte dos propios delegados de curso, insistir dende decanato na importancias das mesmas nas diferentes xuntanzas mantidas polo decano cos delegados dos diferentes cursos. Asemade, lembrouse ao profesorado titor a suxestión realizada dende a coordinación de PAT para que o alumnado presente na segunda xuntanza puidese realizar directamente a enquisa ao remate da mesma, aínda sendo consciente da dificultade que isto supón no caso de que as xuntanzas se convoquen vía on-line.

Neste curso académico, o xa comentado feito de que ás seis xuntanzas convocadas (os catro cursos do Grao en Xeografía e Historia e os cursos 1º, 2º e 3º e 4º, 5º e 6º do PCEO) asistise alumnado só en tres cursos do Grao e unha única alumna no PCEO fixo que inicialmente non houbera resposta ao cuestionario IV en 2º curso do Grao e no PCEO. En consecuencia, dende a coordinación do PAT solicitouse do profesorado titor que enviase un cuestionario on-line ao alumnado titorizado, obténdose dúas respostas adicionais en ambos os dous grupos do PCEO.

Como ven sendo norma nos últimos cursos académicos, os representantes do alumnado seguen considerando que as razóns principais que explican esta relativamente escasa participación son, en primeiro lugar, o cansazo respecto á cantidade de enquisas que reciben ao longo do ano. De feito, nalgunha xuntanza alúdese directamente a que hai alumnado que cada vez que recibe un correo dende a secretaría do decanato ou dos titores e titoras nin sequera o abre pensando que se trata de novos recordatorios ou peticións de realización de enquisas, o que xa ten dado lugar a que determinadas comunicacións doutra índole que requiren un contacto inmediata non foran atendidas.


Tamén se reitera a percepción de que cando non existen problemas co desenvolvemento da vida académica e docente non é preciso participar neste tipo de enquisas e que diante da existencia dalgún problema puntual a experiencia demostra que se resolve de xeito moito máis efectivo mediante a comunicación directa co decanato. Neste senso, neste curso académico 2023-2024 rexistrouse un incremento importante no número de consultas e solicitudes de mediación realizadas directamente polo decanato previa intervención dos/das representantes do alumnado que ben puideran tido ser xestionadas a través da figura do profesorado titor.

Como queira que fose, tamén neste curso académico logrouse un novo incremento no número de participantes respecto ao curso anterior: en concreto, 39 respostas (un 50% máis ca no curso anterior e tendo en conta que houbo un caso en que as respostas foron maioritariamente en branco), aínda lonxe do que consideramos uns índices satisfactorios pero afortunadamente lonxe das 6 respostas que se obtiveran no curso 2021-2022. Unha cifra que non pode descoñecer o feito de que nun curso numeroso, como foi 2º do Grao en Xeografía e Historia, non se obtivese ningunha resposta malia o esforzo da docente encargada da súa titorización, e que nada menos que 20 das 39 respostas se concentran en 1º do Grao en Xeografía e Historia.



O 97,30% dos que responden á enquisa consideran que a información previa que se lles proporciona do PAT é suficiente, cinco puntos porcentuais respecto do curso anterior e un 95% considera a organización e a coordinación do mesmo boa ou moi boa. O 82% do alumnado que responde, seis puntos porcentuais por baixo do ano anterior, considera que o desenvolvemento do PAT respondeu moito ou bastante ás súas expectativas, aínda que 7 alumnos/as responderon que «pouco» ou «nada». O apartado de «utilidade do PAT», aínda que cunha baixada porcentual de 15 puntos respecto ao pasado curso, sitúase nun alentador 81% en canto aos/ás que responden que consideran que a súa utilidade é moita ou bastante, sobre todo se temos en conta que no curso 2021-2022 esta cifra era só do 50%. Aínda así, hai 10 persoas que responden que a súa utilidade é «pouca» ou «nada»

A porcentaxe dos que consideran que as datas das actividades relacionadas co PAT son axeitadas experimenta tamén unha importante mellora, elevándose ata o 94,74%, máis de seis puntos porcentuais por riba do pasado curso. Un 92,11% do alumnado considerou axeitado o seguimento que se realizaba do PAT, case un 6% máis respecto ao curso anterior, o que tamén arroxa unha balance moi positivo.



## 5. INFORME DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO INSCRITO NO PROGRAMA PIUNE NA FACULTADE DE HISTORIA

Neste apartado sintetizamos os resultados dos informes de seguimento do alumnado PIUNE, elaborados polo seu responsable: o profesor Domingo Rodríguez Teijeiro. De acordo co mesmo, no Grao de Xeografía e Historia seguiron estudos durante o curso 2023/24, cinco alumnos acollidos ao Programa PIUNE, aos que temos que sumar un mais que cursa o dobre Grao Turismo-Historia, repartidos en todos os cursos, agás en 1º. Como en cursos anteriores, a primeira tarefa a comezo de curso foi poñernos en contacto con todos eles para unha primeira toma de contacto. Só dous deles se achegaron ao despacho, os demais responderon que non existía ningunha cuestión que requirise dunha intervención inmediata ou non responderon. A inexistencia de necesidades urxentes parece confirmarse no



desenvolvemento do cuadrimestre, xa que ningún alumno se puxo en contacto co coordinador para sinalar calquera tipo de problemática que puidera ter xurdido.

Algo que preocupaba especialmente á coordinación do programa no comezo de curso era o feito de que a bolseira que nos dous cursos anteriores tivera ao seu cargo ao alumno asignado non estaría este curso na facultade, xa que se lle fora concedida unha bolsa Erasmus. No remate do pasado curso buscou un novo bolseiro entre os seus compañeiros e, finalmente, un deles aceptou este encargo. Nos primeiros días do cuadrimestre mantivemos unha reunión con este alumno para aclarar cal era a súa tarefa e indicarlle como debería proceder co alumno acollido ao programa; con posterioridade tivemos unha reunión con ambos.

Destá primeira reunión, cabe destacar o visible cambio experimentado polo alumno en cuestión dende a súa chegada a Facultade hai tres cursos, vese máis cómodo, con maior soltura e máis adaptado, incluso facendo plans de cara ao futuro unha vez rematados os estudos de Grao. A aceptación e integración dentro do grupo de aula parece ter mellorado substancialmente, algo que consideramos chave para a súa plena adaptación.

Dende o punto de vista académico, en xeral e polo que comunican os alumnos, os resultados do primeiro cuadrimestre foron bos. Especialmente en dous dos casos que polas súas características persoais poderían presentar maiores dificultades, pero ambos superaron sen grandes dificultades todas as materias. No que atinxe ao alumno con apoio específico, comenta o bolseiro algunhas dificultades á hora de organizar os traballos prácticos das distintas materias e na súa exposición na aula que se foron solventando sen maior problema.

A comezo de curso, algo que preocupaba aos dous alumnos que cursan 4º era o tema das prácticas e o traballo fin de grao. Ambos elixiron centros de prácticas cos que previamente se puxeran en contacto polo que non houbo problema no relativo á asignación de centro. Para poder solucionar calquera problema que puidera xurdir no período de prácticas, o coordinador do Programa PIUNE exerceu como

titor académico nas prácticas de ambos alumnos, que comezaron sen impedimentos no mes de febreiro. Tamén exerceu como titor do Traballo de Fin de Grao de un destes alumnos.

Por parte do profesorado non se plantexou no primeiro cuadrimestre ningún tipo de problemática en relación co alumnado PIUNE. Como en cursos anteriores, enviouse a comezo do cuadrimestre as pautas remitidas pola UNATEN a todo o profesorado que ía ter alumnos do programa nas súas aulas e, polo que nos consta, en todos os casos séguense estas e/ou póñense todas as facilidades para que este alumnado poda acadar as competencias traballadas en cada unha das materias.

No segundo cuadrimestre mantívose o mesmo número de alumnos acollidos ao programa PIUNE tanto no Grao de Xeografía e Historia como no dobre Grao Turismo-Historia. Como xa ocorrera no primeiro, ao longo deste segundo cuadrimestre ningún alumno do Programa PIUNE se puxo en contacto co coordinador para sinalar ningún tipo de problemática que puidera ter xurdido.

Como queda comentado, unha importante preocupación, eran as prácticas que tiñan que desenrolar dous dos alumnos acollidos ao programa, e, en previsión de que puidera xurdir algún tipo de problemática, o coordinador exerceu como titor académico de ambos alumnos. Pero a preocupación inicial era inxustificada, xa que ambos desenvolveron as súas prácticas con éxito e sen que se presentase ningún tipo de problemática.

Un destes alumnos realizou as súas prácticas no Museo de Belas Artes de A Coruña. O informe do titor destaca a súa puntualidade, a capacidade de administración de traballos, o sentido da responsabilidade. Como era de agardar, os seus puntos máis febles son a capacidade de traballo en equipo e as relacións co entorno laboral. En conxunto, a nota final do titor do centro de prácticas foi un 8. O propio alumno coincide con esta valoración das prácticas e, nun exercicio de autocrítica, valora a súa capacidade de traballo en equipo unicamente con un 2 sobre 10, pero valora moi positivamente a súa adaptación a contextos novos e complexos.

Un segundo realizou as súas prácticas na Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense. Da súa capacidade de adaptación e do seu desempeño nas prácticas da conta o feito de que a titora do centro de prácticas lle outorgase a máxima nota (10) en todos os ítem que tiña que valorar; a titora chegou a chamar ao coordinador de prácticas para destacar a capacidade de traballo do alumno, en especial no relativo a tarefas de clasificación da documentación. Pola súa banda, o alumno amosouse moito máis crítico co traballo realizado, puntuando todos os ítem que tiña que valorar con 6-7.

Convén destacar que ambos alumnos, despois de defender con éxito o seu TFG, conseguiron a súa gradación. Algo que é consecuencia do seu esforzo e afán de superación, pero tamén do esforzo realizado polo profesorado da facultade.

Polo que toca ao outro alumno, continuou co seu desempeño en terceiro curso de xeito similar ao primeiro cuadrimestre. Tivo problemas na parte práctica e na realización dalgunha proba sobre a parte teórica dalgunhas materias e que foron solucionadas por parte do profesorado, que non tivo inconveniente en ampliar a explicación das materias nas súas titorías ou en cambiar unha proba na que o alumno presentaba dificultades por outra máis axeitada ás súas características. Pendentes dos resultados da segunda oportunidade en xullo, consideramos que Juan non vai ter excesivos problemas para superar as materias do curso. Cabe destacar o traballo desenrolado polo bolseiro de apoio, que se fixo cargo desta tarefa a comezo de curso e que foi unha peza chave para que continúe mellorando a súa integración tanto a nivel académico como social na facultade.

Por parte do profesorado, tampouco no segundo cuadrimestre deuse conta ao coordinador de ningún tipo de problemática en relación co alumnado PIUNE. Como se fixera no primeiro, enviouse a comezo do cuadrimestre as pautas remitidas pola UNATEN a todos os profesores/as que ían ter alumnos do programa nas súas aulas e, polo que nos consta, en todos os casos séguense estas e/ou póñense todas as facilidades para que este alumnado poda acadar as competencias traballadas en cada unha das materias.

De cara ao vindeiro curso, e á espera de que novos alumnos de primeiro puideran integrarse no programa PIUNE, o único alumno que presenta algunha dificultade polas súas especiais características, continúa a ser o xa mencionado. Consideramos imprescindible que, como en cursos anteriores conte con un bolseiro de apoio; neste senso, quen realizou esta tarefa durante o presente curso, considera que debería exercer de novo esta tarefa a anterior bolseira, que se incorpora despois da súa estadía no estranxeiro cunha bolsa Erasmus, quen xa o fixera nos dous primeiros. Tamén o vindeiro curso este alumno deberá realizar as súas prácticas extracurriculares, algo do que xa quedamos en falar a comezo de curso. Consideramos que é imprescindible que a bolseira o acompañe realizando as prácticas no mesmo centro, e, tamén, que se dea conta ao centro de prácticas das especiais características que concorren nel para unha mellor integración.